

Especial literatura fantástica.


Este pasado xoves o noso faladoiro volveu ter unha xornada especial, esta vez adicada á un dos xéneros máis de moda nos últimos anos: a literatura fantástica.

Se ben a primeira dificultade dos nosos sabios e sabias foi o definir este xénero en parte confuso, un xénero que transporta o lector a outros mundos, mundos onde teñen cabida dende criaturas mitolóxicas, maxia, lugares imaxinarios, todo aquilo contrario o que a razón entende como real. Foi un faladoiro estraño, como os mundos que poboan este xénero e curiosamente, quizais influenciados pola xente nova que participou, mais centrado en obras infantís e xuvenís, que en literatura mais adulta. Claro, que igual habería que comezar por definir que é xuvenil e que adulto no mundo da literatura.



O primeiro dos libros foi, para sorpresa dalgúns que a poden precisamente definir como “literatura infantil”, ***Las aventuras de Alicia en el país de las maravillas***, publicada baixo o pseudónimo de Lewis Carroll. Quen non lembra a pequena Alicia, que aburrida ve a un coello cun reloxo e decide seguilo ata o seu madrigal e de repente se atopa literalmente caendo a un mundo fantástico onde irán aparecendo personaxes como O Sombreiroiro, a Raiña de Corazóns, o Gato de Cheshire...

Mais a nosa sabia Ana falounos de *Alicia* dende un punto de vista psicolóxico: a caída de Alicia literalmente o seu subconsciente (lembremos que no desenlace da obra o lector descubrirá a base onírica da mesma) e do significado de cada unha das personaxes que aparecen o longo da obra.




Outra dos grandes libros que non podía faltar no noso faladoiro é sen dúbida ***La historia interminable***, de Michael Ende. Publicada en 1979, a historia comeza cando Bastián, un neno orfo do que continuamente se mofan os compañeiros, entra nunha libraría e atopa un libro que ten como título “La historia interminable”. Esta obra, exemplo claro da metaliteratura, está escrita en dúas cores distintas, unha para a parte que transcorre neste mundo fantástico do libro “A historia interminable”, e outra cor para o mundo real, con Bastián como protagonista. Pouco a pouco para Bastián a historia vólvese máis e máis real, ata o punto de mesturarse o real e o imaxinario.



Crónicas de la Dragonlance constitúe outra das sagas de literatura fantástica máis aclamadas. Creada por Margaret Weis e Tracy Hickman a raíz do coñecido xogo de rol de *Dragones y mazmorras*. A viaxe dun grupo de personaxes fantásticos nun mundo sen deuses que se intenta recuperar do Cataclismo no que irán descubriendo o verdadeiro significado da desaparición dos deuses, o retorno dos terribles dragóns e as míticas armas coñecidas como “Dragonlance”.

No faladoiro falouse unicamente dunha das triloxías que compoñen a que posiblemente sexa a saga máis extensa do xénero fantástico, xunto a warhammer 4000, uns libros que son xeralmente o apoio perfecto para os xogadores de rol, todo un mundo en si mesmo, que move a millóns de persoas arredor dos taboleiros, con librerías mais especializadas incluso que as de cómics ... toda unha subcultura da evasión , en resumo.

Nos últimos anos parece haber un interes expreso por facerlle chegar ós mais novos da casa a maxia das mitoloxías clásicas a través de revisións e adaptacións ós nosos tempos. Harry Potter é un exemplo moi coñecido, inda que hai que ler moi detidamente os sete volumes para entender de onde xorden as personaxes e algunhas tramas. Pero no noso faladoiro presentóusenos un exemplo mais claro.




Unha das nosas novas e máis xóvenes sabias tróuxonos *El héroe perdido*, de Rick Riordan, primeiro dos libros da saga *Los héroes del Olimpo*. Este libro de literatura fantástica xuvenil está baseado na mitoloxía grega e romana. Jason, o protagonista, desperta nun autobús camiño dun internado para nenos problemáticos e non lembra absolutamente nada. Vai acompañado pola súa moza Piper, a que non recoñece, e o seu mellor amigo Leo. Logo descubrirán que son fillos de deuses do Olimpo e o seu destino é cumprir unha profecía.

Malia esta representación de literatura fantástica, parece que a coñecida autora valenciana Laura Gallego ten un número de fans considerable dentro do noso faladoiro, pois ata tres foron as obras que algúns dos nosos sabios nos mostraron:



Donde los árboles cantan é unha das súas obras mais recentes, exemplo de literatura fantástica-epica escrita para xente xoven, con moitos dos tópicos do xénero, aderezado con doses de romanticismo marca da casa, Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil de 2012, con mais de 100.000 exemplares vendidos.


Bárbaros invasores, un bosque máxico, unha doncela con carácter propio ó rescate de cabaleiros en apuros, un chisco de violencia necesaria e esa referencia constante na autora ó camiño da madurez, moi típica por outro lado da literatura xuvenil e que inda que os que cheos de fachenda se consideran maiores pode parecerlles lixeira, non acontece así coa xente mais nova.



Alas de fuego. Unha obra do ano 2004, con tal éxito que a autora publicaría unha segunda parte, *Alas negras*. Neste caso a autora aposta por presentarnos un mundo de anxos, fantástico e idealizado, e a unha protagonista que se enfronta ó cambio radical do seu perfecto mundo. A perda da inocencia é o eixe central da obra, pero dende un punto de vista polo que cada día apostan mais autores xuvenís, tratando os lectores como adultos, e polo tanto dándolle profundidade e humanidade ás personaxes

das súas obras, que cometen erros, que toman camiños pouco rectos...

A quen lle guste ler, este é un libro para ler dunha tacada, nunha boa tarde, e deixarse levar coa caída do sol cara o lado mais escuro da obra.



Memorias de Idhún é sen dúbida a obra mais traballada, aclamada e debatida de Laura Gallego, tanto que mesmo este pasado outubro, coincidindo co decimo aniversario da publicación do primeiro volume, publicaba unha enciclopedia sobre a triloxía. Unha triloxía onde mais aló do mundo fantástico, que convive nun plano paralelo ó mundo humano, destaca o tratamento que reciben as personaxes principais, Jack, Victoria y Kirtash, e a relación que se establece entre eles. Pero falar desa relación aquí e do debate xerado no seo do noso faladoiro, solo serviría para destaparnos a sorpresa. Mellor deixarnos que vos enfrontedes a esta imponente triloxía, e que saquedes conclusións.

Por suposto, no noso faladoiro tivemos tempo de recordar á literatura fantástica máis popular e as grandes sagas do xénero. Non podían faltar reseñas ás coñecidas obras de *El señor de los anillos*, de J.R.R Tolkien ou *canción de hielo y fuego* de George R. R. Martin. Mesmo os contos tradicionais e as fábulas coas que todos nos medramos e son parte de nós como lectores en xeral.

Mais unha cousa quedou clara: sobre este xénero deberan as nosas sabias e sabios volver, porque inda falta moito do que falar.